



INFORMACIÓN A NAIS PAIS SEPARADOS OU DIVORCIADOS

Estimadas familias:

A información ás familias sobre o desenvolvemento académico dos seus fillos/as é unha obriga dos centros educativos tal e como está recollido nas disposicións legais.

1. Os pais/nais separados ou divorciados que non teñan asignada a garda ou custodia legal dos seus fillos/as e desexen obter información sobre os resultados da avaliación destes ou recibir información do profesorado sobre a marcha académica, deberán solicitala na secretaría do centro, a través dun escrito dirixido ao Director, achegando copia fidedigna da sentenza xudicial de divorcio, separación ou nulidade, sempre que non fose privado ou excluído da patria potestade.
2. No suposto que no centro se reciba unha solicitude para facilitar información directa ao proxenitor que non teña a custodia ou garda legal, comunicarse ao pai/nai que a teña, a pretensión do solicitante e concederlle un prazo máximo de dez días para que poida formular as alegacións que estime oportunas. Indicaráselle que pode ter coñecemento da copia da sentenza aportada polo outro proxenitor para contrastar si é a última ditada.
3. Rematado o prazo sen formular alegacións ou cando estas non aportaren nada que aconselle variar o procedemento, o centro deberá facer chegar ao mesmo tempo ao proxenitor solicitante copia de cantas informacións documentais entregue á persoa que ten a custodia do alumno.
4. Esta situación prolongarase automaticamente agás que algún dos proxenitores aportara novos elementos en relación con modificacións en canto á potestade, garda ou custodia.

Equipo Directivo